

MANUEL MURGUÍA



*O Día das Letras
Galegas está
adicado este ano
a Manuel Murguía,
pioneiro na
investigación da
Historia de
Galicia e figura
clave no
nacemento do
pensamento
rexionalista*

O PATRIARCA

Debuxo de Jano Muñoz



Loitador e “cascarrabias”

X. L. Axeitos

Don Manuel es un hombre extraño; en este reducido despacho repleto de libros, ofrece un aspecto extravagante y curioso; su cara, cubierta por una barba rala y canosa, sus ojillos de miope, su frente ancha de grande hombre, dan la sensación misma de los sabios misántropos y huraños de las novelas de Verne.

Don Manuel habla además con un tonillo raro; frecuentemente trata de comprobar sus afirmaciones con documentos perdidos en aquella profusión de tomos que le rodean, y al no encontrarlos, una fuerte indignación le acomete por breves minutos; después, sosegándose, se disculpa ingenuamente.


– Perdóneme usted; tengo muy mal genio”.

Esta autoconfesión de Murguía está recollida no libro de López Aydillo, “Galicia ante la solidaridad”, de 1907. Por volta de esta data xa o noso personaxe era un home curtido en mil batallas e coas feridas cicatrizadas. Presidía a Academia Galega e tiña o recoñecimento intelectual

ata dos adversarios.

Pero se nos remontamos a infancia de Murguía, alá polos anos cuarenta en Compostela, este neno mostrábase transgresor e rebelde ante as imposicións paternas de estudio y sacrificio. O fillo do boticario Martínez suspende varias asignaturas. Ó morrer a súa nai, o pai envía ó fillo a Madrid coa vontade de facelo hereiro da botica. Pero este aproveitará a lonxanía da familia para iniciar unha vida bohemia e introducirse nos circos periodísticos da capital. Os amigos (Alexandro Chao, os irmáns Avendaño, Fernando San Julián, Federico Ruiz, Antonio Arango...) conocían a murguía polo alcume de “Murga-Ratón”, aínda non era “tarriño de esencia”. Pero era este primeiro alcume dabondo expresivo: quería significar o seu carácter teimoso e sempre presente a pesares da pequenísima estatura. Brillante e inxenioso, Murguía compensa cun estilo retórico e agudo, a súa diminuta figura. Máis dunha vez ten batido con forza na mesa do café para defender de maneira rechamante os seus argumentos.

Murguía, unha vez falecida a



Desde el cielo, novela editada en Vigo en 1856

súa nai, distánciase da súa familia; o que reforza a súa relación amistosa cos Avendaño e Chao que provocará a súas primeiras polémicas en defensa dos camaradas. Polemiza, por primeira vez, coa familia dos Madrazo, que monopolizaban as institucións académicas e artísticas da Corte. O escenario desta polémica será a prestixiosa revista de Gaspar y Roig, “El Museo Universal”.

Paralelamente, empeza a concebir o noso escritor a idea de decicarse ó estudio de Galicia. Coído que a decomunal tarefa que se traza es os escasos medios cos que conta abren un valeiro na súa vida que será a causa de non

poucos enfrontamentos que marcarán o seu carácter e irán pasándolle factura ata chegar a ese Murguía “cascarrabias” que nos queren presentar algúns dos seus biógrafos.

As dificultades empezan cando proxecta e publica as primeiras entregas do seu “Diccionario de escritores gallegos” en 1860. Hai unha loita soterrada entre varios personaxes que conflúen no mesmo proxecto; tal é o caso de Barros Sabelo ou de Vicetto. Tamen traballa na obra máis ambiciosa, a “Historia de Galicia”.

Murguía, casado desde 1858 con Rosalía, non dispón doutro medio de vida que os seus escritos. Aquí nace o Murguía, xa convertido en historiador, polemista e agresivo que depende economicamente de editores pouco profesionais e está exposto ós ataques dos seus enemigos, Vicetto o máis encarnizado, porque xa empezara tamén a publicación da súa particular “Historia de Galicia”. Logo, asume ó escritor a responsabilidade como defensor da literatura. É outra fronte de polémicas máis...

Os momentos de máxima tensión teñen lugar cando se inicia a

fundación dos Comités Rexionalistas de Galicia con Brañas, Salvador Golpe e Cabeza de León, entre outros.

Un feito ten lugar neste momento: a incorporación da emigración cubana e arxentina ó movemento reivindicativo da galegidade. Xurde a idea da Academia Galega, na habana.

Otra fronte de loita e de polémica. Loitador e defensor dunha causa minoritaria, Galicia, Murguía ten que botar man das súas mellores armas dialécticas: a palabra. Bendito “Cascarrabias” que foi un dos primeiros defensores da dignidade deste pobo.

“Murguía compensa cun estilo retórico e agudo, a súa diminuta figura”

“Loitador e defensor dunha causa minoritaria, Galicia, Murguía ten que botar man das súas mellores armas dialécticas: a palabra”

“Bendito cascarrabias que foi un dos primeiros defensores da dignidade deste pobo”

Librería Naveira

Libros de texto
Prensa

Material escolar
Regalos

Cl. Nueva de Caranza, 140
Teléfono 981 312 155

15404 - FERROL

ESTRAVIZ

Librería - Papelería - Material de Dibujo

10% descuento Día das Letras Galegas

- Contos Infantís
- Literatura Xuvenil
- Novidades

Ctra. Castilla, 154 Tlf/Fax: 981 32 92 89 - 15404 - FERROL



REDFER, S.L.
Redes de Ferrol

- REDES PARA PESCA DE CERCO
- ACUICULTURA
- ALMADRABAS
- SEGURIDAD
- NASAS

C/ Baterías, s/n - Telf: 981 351 398 - Fax: 981 351 003

Telf Móvil: 609 821 427

15401 FERROL - redfer@lcg.servicom.es

<http://www.paginas-amarillas.es/on/line/redfer>